



OCUPACIÓN HOTELEIRA

Análise nos destinos urbanos de Galicia

1º bimestre 2021

CONCELLO DE A CORUÑA

Táboa 1: Demanda Turística Hoteleira e Ocupación no concello de A Coruña

		1º bimestre 2021
VIAXEIROS	Nº	12.222
	Var. 21/20	-79,0%
PERNOCTACIÓNS	Nº	38.224
	Var. 21/20	-69,9%
ESTADIA MEDIA	Nº	3,13
	Var. 21/20	43,0%
OCUPACIÓN (%)	%	18,68%
	Var. 21/20	-22,60
ADR (€)	€	49,3 €
	Var. 21/20	-10,1%
RevPAR (€)	€	10,0 €
	Var. 21/20	-66,2%

Táboa 2: Demanda Turística Hoteleira, segundo procedencia.


		1º bimestre 2021
VIAXEIROS NACIONAIS	Nº	11.115
	Var. 21/20	-76,7%
VIAXEIROS ESTRANXEIROS	Nº	1.107
	Var. 21/20	-89,4%
PERNOCT. NACIONAIS	Nº	34.145
	Var. 21/20	-65,7%
PERNOCT. ESTRANXEIROS	Nº	4.079
	Var. 21/20	-85,2%

1º BIMESTRE 2021


- Nos primeiros dous meses deste ano 2021 mantense a tendencia negativa do pasado ano como consecuencia dos efectos da crise da Covid19. En particular, rexístrase unha caída importante dos niveis de demanda hoteleira na cidade de A Coruña. A cifra de viaxeiros aloxados descende un 79% e o volume de noites un 70% en relación ao mesmo período do pasado ano.
- Esta notable caída acontecida nun contexto de inicio e expansión da terceira onda da pandemia, con crecemento do número de casos Covid19 e establecemento de diversas restricións a nivel estatal, autonómico e local contrasta cos incrementos rexistrados nos últimos tres anos –de intensidade variable mais crecente- que posibilitou acadar un máximo da serie histórica xustamente no primeiro bimestre de 2020 con 127 mil noites.

- O forte descenso deste ano sitúa o nivel final en algo máis de 38 mil noites, dato que supón un mínimo da serie histórica.
- En termos de viaxeiros aloxados rexístrase igualmente un descenso importante que rompe de forma abrupta coa serie de anos anteriores.
- O 89% da demanda corresponde ao turismo nacional –que engloba ao interno e ao que procede do resto das comunidades autónomas- mentres que o 11% restante é de orixe internacional. Neste inicio de ano obsérvase un comportamento parello dos dous grandes segmentos de mercado. Ambos presentan caídas importantes, do 66% o turismo de ámbito nacional e do 85% o internacional –ambas porcentaxes referidas ás pernoctacións-.
- En termos comparativos o mercado nacional presenta mellor comportamento relativo de aí que mellore tamén a súa representatividade no conxunto da demanda da cidade. Pasa de representar o 78% do total das noites hoteleiras no primeiro bimestre do pasado ano ao 89% actual –a porcentaxe máis alta dos últimos quince anos e equivalente á rexistrada en 2005 e 2006-.
- Neste contexto negativo rexístrase un notable incremento da estadía media nos hoteis e pensións da cidade. En particular, sobe nun 43% para situarse en pouco máis de 3,1 noites –a segunda cifra máis elevada dos destinos urbanos de Galicia xunto con Santiago e só por detrás dos valores rexistrados en Ferrol-.
- Descende o nivel de demanda nun contexto negativo onde se produce tamén unha caída da oferta dispoñible. Neste sentido o volume de prazas ofertadas cae nun 33% en relación ao pasado ano, con preto de 3.500 prazas de media mensual –en termos absolutos iso supón case 1.700 prazas menos que no conxunto dos dous primeiros meses de 2020-. Mantense, por tanto, a tendencia de caída da oferta dispoñible provocada polas restricións impostas por mor do control da pandemia.
- Este descenso é en todo caso inferior ao rexistrado do lado da demanda, de aí que se rexistre un empeoramento do nivel de ocupación –pasa do 41,3% no primeiro bimestre do pasado ano ao 18,7% actual-. A perda achégase aos 23 puntos porcentuais e coloca a porcentaxe deste ano por encima da media dos destinos urbanos de Galicia.
- As tarifas hoteleiras descenden tamén e de forma importante neste primeiro bimestre de 2021 –un 10% en particular- situándose en 49,3 euros de ingreso medio por habitación ocupada.
- A caída do nivel de demanda e ocupación acontece, por tanto, nun contexto de descenso das tarifas hoteleiras. Ambas circunstancias levan a un empeoramento dos niveis de rendibilidade hoteleira –o RevPAR hoteleiro cae nun 66% para situarse en 10,0 euros de ingreso medio por habitación dispoñible-.

Noites hoteleiras no concello de A Coruña. 1º bimestre 2012-21



Noites hoteleiras no concello de A Coruña, por mercados. 1º bimestre 2012-21



CONCELLO DE FERROL

Táboa 1: Demanda Turística Hoteleira e Ocupación no concello de Ferrol

		1º bimestre 2021
VIAXEIROS	Nº	1.715
	Var. 21/20	-79,8%
PERNOCTACIÓNS	Nº	8.207
	Var. 21/20	-51,9%
ESTADIA MEDIA	Nº	4,79
	Var. 21/20	137,9%
OCUPACIÓN (%)	%	22,98%
	Var. 21/20	-6,34

Táboa 2: Demanda Turística Hoteleira, segundo procedencia.


		1º bimestre 2021
VIAXEIROS NACIONAIS	Nº	1.509
	Var. 21/20	-78,5%
VIAXEIROS ESTRANXEIROS	Nº	205
	Var. 21/20	-86,1%
PERNOCT. NACIONAIS	Nº	6.713
	Var. 21/20	-46,1%
PERNOCT. ESTRANXEIROS	Nº	1.494
	Var. 21/20	-67,5%

1º BIMESTRE 2021


- Ferrol segue o patrón de comportamento da demanda hoteleira dos destinos urbanos de Galicia así como do conxunto da comunidade. Neste primeiro bimestre rexistra unha notable caída da demanda por canto descende nun 80% a cifra de viaxeiros aloxados e nun 52% o volume de noites respecto do mesmo período de 2020.
- Esta notable caída, acontecida nun contexto de inicio e expansión da terceira onda da pandemia, contrasta co forte incremento rexistrado o pasado ano –do 60%– que permitiu á cidade acadar un máximo histórico con pouco máis de 17 mil noites.
- O descenso deste ano sitúa o nivel final en 8.200 noites, a cifra máis baixa desde o 2017. Xustamente nos dous primeiros meses dese ano Ferrol acadaba un cifra parella, con 8.100 noites. Con isto Ferrol sitúase, xunto con Pontevedra, como o destino urbano de menor volume e peso no conxunto de Galicia.
- O 82% da demanda corresponde ao turismo de ámbito nacional –que engloba ao interno e ao que procede do resto das comunidades autónomas– mentres que o 18% restante é de orixe internacional.

- Neste inicio de ano obsérvase un comportamento parello dos dous grandes segmentos de mercado, con diferenzas de intensidade. O turismo de ámbito nacional descende nun 46% rexistrando con iso a cifra máis baixa dos últimos catro anos con 6.700 noites hoteleiras –en termos absolutos a perda supera as catro mil noites-.
- O mercado internacional amosa igualmente unha dinámica negativa pero de maior intensidade pois amosa neste período unha caída do 68% no volume de noites hoteleiras, ficando en 1.500 pernoctacións no conxunto dos dous meses –dato que supón un mínimo da serie histórica-.
- En termos comparativos o mercado nacional presenta mellor comportamento relativo de aí que mellore tamén a súa representatividade no conxunto da demanda da cidade. Pasa de representar o 73% do total das noites hoteleiras no primeiro bimestre do pasado ano ao 82% actual –a porcentaxe máis elevada dos últimos anos-.
- Na liña do observado para o resto de destinos e para o conxunto de Galicia Ferrol rexistra neste período un incremento da estadia media nos hoteis e pensións da cidade. En particular, supera en máis do dobre o dato de 2020 pasando de dúas noites no primeiro bimestre do pasado ano a 4,8 noites agora neste ano –a cifra máis alta da serie histórica e tamén a máis elevada dos destinos urbanos de Galicia-.
- Descende o nivel de demanda nun contexto negativo onde se produce tamén unha caída da oferta dispoñible. Neste sentido o volume de prazas ofertadas cae nun 36% en relación ao pasado ano, con pouco máis de 600 prazas de media mensual –en termos absolutos iso supón unha perda de máis de 300 prazas-.
- Este descenso é obviamente inferior ao rexistrado do lado da demanda, de aí que se rexistre un empeoramento do nivel de ocupación –pasa do 29,3% no primeiro bimestre do pasado ano ao 23,0% actual-. A perda supera os seis puntos porcentuais e coloca a porcentaxe deste ano en niveis parellos aos de 2018 e 2019.
- Ferrol rexistra neste primeiro bimestre a porcentaxe de ocupación máis alta dos destinos urbanos de Galicia.

Noites hoteleiras no concello de Ferrol. 1º bimestre 2015-21



Noites hoteleiras no concello de Ferrol, por mercados. 1º bimestre 2015-21



CONCELLO DE LUGO

Táboa 1: Demanda Turística Hoteleira e Ocupación no concello de Lugo

		1º bimestre 2021
VIAXEIROS	Nº	5.760
	Var. 21/20	-69,8%
PERNOCTACIÓNS	Nº	10.076
	Var. 21/20	-69,8%
ESTADIA MEDIA	Nº	1,75
	Var. 21/20	0,1%
OCUPACIÓN (%)	%	14,27%
	Var. 21/20	-21,88
ADR (€)	€	35,3 €
	Var. 21/20	-16,8%
RevPAR (€)	€	7,3 €
	Var. 21/20	-60,7%

Táboa 2: Demanda Turística Hoteleira, segundo procedencia.


		1º bimestre 2021
VIAXEIROS NACIONAIS	Nº	5.381
	Var. 21/20	-69,4%
VIAXEIROS ESTRANXEIROS	Nº	379
	Var. 21/20	-74,6%
PERNOCT. NACIONAIS	Nº	9.409
	Var. 21/20	-69,6%
PERNOCT. ESTRANXEIROS	Nº	667
	Var. 21/20	-72,0%

1º BIMESTRE 2021


- Nos primeiros dous meses deste ano 2021 mantense a dinámica negativa do pasado ano como consecuencia dos efectos da pandemia da Covid19. En particular, rexístrase unha caída importante dos niveis de demanda hoteleira na cidade de Lugo con descensos do 70% tanto na cifra de viaxeiros aloxados coma no volume de noites.
- Esta notable caída acontecida nun contexto de inicio e expansión da terceira onda da pandemia en Galicia, con crecemento do número de casos Covid19 e establecemento de diversas restricións a nivel autonómico e local, rompe coa tendencia de estabilidade dos tres últimos anos que viña precedida por un período de crecemento de 2014 a 2018. Este forte descenso sitúa o nivel final de demanda en mínimos históricos con 10 mil noites.

- En termos absolutos a perda supera as 23 mil noites con respecto ao rexistrado nos dous primeiros meses do pasado ano 2020, os últimos antes da incidencia da pandemia.
- O 93% da demanda corresponde ao turismo nacional –que engloba ao interno e ao que procede do resto das comunidades autónomas- mentres que o 7% restante é de orixe internacional.
- Neste inicio de ano obsérvase un comportamento parello dos dous grandes segmentos de mercado, con descensos de similar intensidade. O turismo nacional cae nun 70% como consecuencia dun empeoramento case equivalente da cifra de viaxeiros españois. Con isto, este segmento marca un mínimo de demanda con menos de 10 mil noites.
- O turismo internacional descende tamén, nun 72% neste caso, rexistrando menos de 700 pernoctacións hoteleiras en Lugo –cifra que amosa a escasa presenza e representatividade deste segmento na cidade neste inicio de 2021-.
- Ambos segmentos teñen, por tanto, un comportamento parello tanto na dirección como na intensidade o que leva a que se manteña a grandes trazos o peso e representatividade de cada un deles sobre o volume global –a diferenza doutros destinos e mesmo do conxunto da comunidade onde se aprecia mellor comportamento relativo do turismo de ámbito nacional-.
- Neste contexto de descenso da demanda a estadía media mantense invariable, situándose en 1,75 noites –a segunda cifra máis baixa dos destinos urbanos de Galicia pois soamente mellora o dato de Ourense-.
- Descende o nivel de demanda nun contexto negativo onde se produce tamén unha caída da oferta dispoñible. Neste sentido o volume de prazas ofertadas cae nun 22% en relación ao pasado ano, con 1.200 prazas de media mensual –en termos absolutos iso supón 340 prazas menos que no primeiro bimestre de 2020-. Mantense, por tanto, a tendencia de caída da oferta dispoñible provocada polas restricións impostas por mor do control da pandemia.
- Este descenso é en todo caso inferior ao rexistrado do lado da demanda, de aí que se rexistre un empeoramento do nivel de ocupación –pasa do 36,1% no primeiro bimestre do pasado ano ao 14,3% actual-. A perda achégase aos 22 puntos porcentuais e coloca a porcentaxe deste ano no contorno da media dos destinos urbanos de Galicia.
- As tarifas hoteleiras descenden tamén e de forma importante neste primeiro bimestre do ano – un 16,8% en particular- situándose en 35,3 euros de ingreso medio por habitación ocupada.
- A caída do nivel de demanda e ocupación acontece, por tanto, nun contexto de descenso das tarifas hoteleiras. Ambas circunstancias levan novamente a un empeoramento dos niveis de rendibilidade hoteleira –o RevPAR hoteleiro cae nun 61% para situarse en 7,3 euros de ingreso medio por habitación dispoñible-.

Noites hoteleiras no concello de Lugo. 1º bimestre 2012-21



Noites hoteleiras no concello de Lugo, por mercados. 1º bimestre 2012-21



CONCELLO DE OURENSE

Táboa 1: Demanda Turística Hoteleira e Ocupación no concello de Ourense

		1º bimestre 2021
VIAXEIROS	Nº	5.870
	Var. 21/20	-71,5%
PERNOCTACIÓNS	Nº	9.782
	Var. 21/20	-70,7%
ESTADIA MEDIA	Nº	1,67
	Var. 21/20	2,6%
OCUPACIÓN (%)	%	13,78%
	Var. 21/20	-29,46
ADR (€)	€	53,9 €
	Var. 21/20	-2,3%
RevPAR (€)	€	11,1 €
	Var. 21/20	-59,8%

Táboa 2: Demanda Turística Hoteleira, segundo procedencia.


		1º bimestre 2021
VIAXEIROS NACIONAIS	Nº	5.233
	Var. 21/20	-70,8%
VIAXEIROS ESTRANXEIROS	Nº	637
	Var. 21/20	-75,7%
PERNOCT. NACIONAIS	Nº	8.841
	Var. 21/20	-69,1%
PERNOCT. ESTRANXEIROS	Nº	941
	Var. 21/20	-80,5%

1º BIMESTRE 2021


- A cidade de Ourense mantén neste inicio de ano –no primeiro bimestre- a tendencia negativa do último ano como consecuencia dos efectos negativos da pandemia. En particular, rexístrase unha caída importante dos niveis de demanda hoteleira na cidade. Tanto a cifra de viaxeiros aloxados coma o volume de noites descende nun 71% -significa isto que Ourense consegue manter neste primeiro bimestre entornao ao 30% da demanda rexistrada no mesmo período do pasado ano-.
- Esta notable caída acontecida nun contexto de inicio e expansión da terceira onda da pandemia, con crecemento do número de casos Covid19 e establecemento de diversas restricións a nivel estatal, autonómico e local contrasta cos incrementos rexistrados nos últimos dous anos –de intensidade variable- que posibilitou acadar un máximo da serie histórica xustamente no primeiro bimestre de 2020 con máis de 33 mil noites.

- O forte descenso deste ano sitúa o nivel final por debaixo das 10 mil noites, dato que supón neste caso un mínimo da serie histórica.
- O 90% da demanda corresponde ao turismo nacional –que engloba ao interno e ao que procede do resto das comunidades autónomas- mentres que o 10% restante é de orixe internacional.
- Neste inicio de ano obsérvase un comportamento parello dos dous grandes segmentos de mercado, con pequenas diferenzas de intensidade. O turismo de ámbito nacional descende nun 69% rexistrando con iso un mínimo histórico de demanda con pouco máis de 8.800 noites hoteleiras na cidade de Ourense.
- O mercado internacional amosa igualmente unha dinámica negativa pero de maior intensidade pois amosa neste período unha caída do 80% no volume de noites hoteleiras, ficando por debaixo das 1.000 pernoctacións no conxunto dos dous meses –dato que novamente supón un mínimo da serie histórica-.
- En termos comparativos o mercado nacional presenta mellor comportamento relativo de aí que mellora a súa representatividade no conxunto da demanda da cidade. Pasa de representar o 86% do total das noites hoteleiras no primeiro bimestre do pasado ano ao 90% actual –a porcentaxe máis alta dos últimos cinco anos e semellante á rexistrada en 2016-.
- Neste contexto negativo rexístrase un leve incremento da estadía media nos hotéis e pensións da cidade. En particular, sobe nun 2,6% para situarse preto de 1,7 noites –a cifra máis baixa dos destinos urbanos de Galicia-. A estadía media hoteleira vense incrementando de forma consecutiva desde 2018 o que leva a rexistrar agora en 2021 a cifra máis alta dos últimos seis anos.
- Descende o nivel de demanda nun contexto negativo onde se produce tamén unha caída da oferta dispoñible. Neste sentido o volume de prazas ofertadas cae nun 6% en relación ao pasado ano, con 1.200 prazas de media mensual –en termos absolutos iso supón unha perda inferior ás 100 prazas-. Neste sentido Ourense é o destino urbano que mellor conseguiu recuperar a actividade turística polo lado da oferta pois coloca no mercado preto do 95% das prazas hoteleiras dispoñibles no primeiro bimestre do pasado ano.
- Este descenso é obviamente inferior ao rexistrado do lado da demanda, de aí que se rexistre un empeoramento do nivel de ocupación –pasa do 43,2% no primeiro bimestre do pasado ano ao 13,8% actual-. A perda achégase aos 30 puntos porcentuais e coloca a porcentaxe deste ano en mínimos da serie histórica.
- As tarifas hoteleiras descenden tamén aínda que de forma suave neste primeiro bimestre de 2021 –un 2,3% en particular- situándose en 53,9 euros de ingreso medio por habitación ocupada.
- A caída do nivel de demanda e ocupación acontece, por tanto, nun contexto de leve descenso das tarifas hoteleiras. Ambas circunstancias levan a un empeoramento dos niveis de rendibilidade hoteleira –o RevPAR hoteleiro cae nun 60% para situarse en 11,1 euros de ingreso medio por habitación dispoñible-.

Noites hoteleiras no concello de Ourense. 1º bimestre 2012-21



Noites hoteleiras no concello de Ourense, por mercados. 1º bimestre 2012-21



CONCELLO DE PONTEVEDRA

Táboa 1: Demanda Turística Hoteleira e Ocupación no concello de Pontevedra

		1º bimestre 2021
VIAXEIROS	Nº	2.763
	Var. 21/20	-74,2%
PERNOCTACIÓNS	Nº	6.298
	Var. 21/20	-67,6%
ESTADIA MEDIA	Nº	2,28
	Var. 21/20	25,8%
OCUPACIÓN (%)	%	11,63%
	Var. 21/20	-13,62

Táboa 2: Demanda Turística Hoteleira, segundo procedencia.

		1º bimestre 2021
VIAXEIROS NACIONAIS	Nº	2.431
	Var. 21/20	-71,8%
VIAXEIROS ESTRANXEIROS	Nº	331
	Var. 21/20	-84,2%
PERNOCT. NACIONAIS	Nº	5.132
	Var. 21/20	-66,6%
PERNOCT. ESTRANXEIROS	Nº	1.166
	Var. 21/20	-71,3%


1º BIMESTRE 2021

- Pontevedra segue o patrón de comportamento da demanda hoteleira do último ano. Neste primeiro bimestre rexistra unha notable caída da demanda por canto descende nun 74% a cifra de viaxeiros aloxados e nun 68% o volume de noites respecto do mesmo período de 2020.
- Esta notable caída, acontecida nun contexto de inicio e expansión da terceira onda da pandemia, engádese á rexistrada no pasado ano –do 14%- mais contrasta coa dinámica positiva que viña rexistrando a cidade ata o 2019 que lle permitiu acadar xustamente nese ano un máximo histórico de demanda con preto de 23 mil noites.
- O descenso deste ano sitúa o nivel final en 6.300 noites, a cifra máis baixa da serie histórica da cidade e tamén a máis baixa dos destinos urbanos da comunidade.
- En Pontevedra o 82% da demanda corresponde ao turismo de ámbito nacional –que engloba ao interno e ao que procede do resto das comunidades autónomas- mentres que o 18% restante é de orixe internacional.
- Neste inicio de ano obsérvase un comportamento parello dos dous grandes segmentos de mercado, con pequenas diferenzas de intensidade. O turismo de ámbito nacional descende nun


67% rexistrando con iso a cifra máis baixa da serie histórica con pouco máis de cinco mil noites hoteleiras –en termos absolutos a perda supera as seis mil noites-.

- O mercado internacional amosa igualmente unha dinámica negativa pero de maior intensidade pois amosa neste período unha caída do 71% no volume de noites hoteleiras, ficando en algo máis de mil pernoctacións no conxunto dos dous meses –o dato máis baixo de cando menos os últimos sete anos-.
- En termos comparativos o mercado nacional presenta mellor comportamento relativo de aí que mellore tamén a súa representatividade no conxunto da demanda da cidade. Pasa de representar o 79% do total das noites hoteleiras no primeiro bimestre do pasado ano ao 82% actual. A diferenza non é moi acusada pero vai na liña do observado en practicamente todos os destinos urbanos de Galicia.
- En paralelo ao observado en todos os destinos urbanos de Galicia, Pontevedra rexistra neste período un incremento da estadia media nos hotéis e pensións da cidade. En particular, supera nun 26% o dato de 2020 pasando de 1,8 noites no primeiro bimestre do pasado ano a 2,3 noites agora neste ano. A estadia media neste primeiro bimestre vén variando de forma notable e irregular nos últimos tres anos acadando o dato máis elevado da serie histórica en 2019 con preto de 2,4 noites.
- Descende o nivel de demanda nun contexto negativo onde se produce tamén unha caída da oferta dispoñible. Neste sentido o volume de prazas ofertadas cae nun 28% en relación ao pasado ano, con menos de mil prazas de media mensual –en termos absolutos iso supón unha perda de case 400 prazas-.
- Este descenso é obviamente inferior ao rexistrado do lado da demanda, de aí que se rexistre un empeoramento do nivel de ocupación –pasa do 25,2% no primeiro bimestre do pasado ano ao 11,6% actual-. A perda achégase aos catorce puntos porcentuais e coloca a porcentaxe deste ano no nivel máis baixo de cando menos os últimos sete anos.
- Pontevedra rexistra neste primeiro bimestre a segunda porcentaxe de ocupación máis baixa dos destinos urbanos de Galicia, só por diante da cifra de Santiago.

Noites hoteleiras no concello de Pontevedra. 1º bimestre 2015-21



Noites hoteleiras no concello de Pontevedra, por mercados. 1º bimestre 2015-21



CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Táboa 1: Demanda Turística Hoteleira e Ocupación no concello de Santiago

		1º bimestre 2021
VIAXEIROS	Nº	7.753
	Var. 21/20	-88,8%
PERNOCTACIÓNS	Nº	24.194
	Var. 21/20	-81,7%
ESTADIA MEDIA	Nº	3,12
	Var. 21/20	62,7%
OCUPACIÓN (%)	%	9,17%
	Var. 21/20	-23,07
ADR (€)	€	50,1 €
	Var. 21/20	-4,5%
RevPAR (€)	€	4,1 €
	Var. 21/20	-78,7%

Táboa 2: Demanda Turística Hoteleira, segundo procedencia.

		1º bimestre 2021
VIAXEIROS NACIONAIS	Nº	6.920
	Var. 21/20	-86,1%
VIAXEIROS ESTRANXEIROS	Nº	833
	Var. 21/20	-95,7%
PERNOCT. NACIONAIS	Nº	22.075
	Var. 21/20	-77,5%
PERNOCT. ESTRANXEIROS	Nº	2.119
	Var. 21/20	-93,8%

1º BIMESTRE 2021


- A cidade de Santiago mantén igualmente neste inicio de ano –no primeiro bimestre- a tendencia negativa do último ano e mesmo amosa un agravamento da conxuntura turística como consecuencia dos efectos negativos da pandemia. En particular, rexístrase unha caída importante dos niveis de demanda hoteleira na cidade -a cifra de viaxeiros aloxados descende nun 89% e o volume de noites nun 82% en relación ao mesmo período do pasado ano-.
- Significa isto que Santiago consegue manter neste primeiro bimestre menos do 20% da demanda rexistrada no mesmo período de 2020. Desta maneira colócase como o destino urbano de peor comportamento en Galicia, circunstancias que xa viña arrastrando nos últimos meses.
- Esta notable caída acontecida nun contexto de inicio e expansión da terceira onda da pandemia, con crecemento do número de casos Covid19 e establecemento de diversas restricións a nivel

autonómico e local contrasta cos incrementos rexistrados nos últimos cinco anos –de intensidade variable- que posibilitou acadar un máximo da serie histórica xustamente no primeiro bimestre de 2020 con preto de 133 mil noites.


- O forte descenso deste ano sitúa o nivel final levemente por encima das 24 mil noites, dato que supón neste caso un mínimo da serie histórica e sitúa a Compostela en terceiro lugar por debaixo de Vigo e A Coruña –antes da pandemia Santiago lideraba sempre o ranking dos destinos urbanos de Galicia-.
- O 91% da demanda corresponde ao turismo nacional –que engloba ao interno e ao que procede do resto das comunidades autónomas- mentres que o 9% restante é de orixe internacional.
- Neste inicio de ano obsérvase un comportamento parello dos dous grandes segmentos de mercado, con algunha diferenza de intensidade. O turismo de ámbito nacional descende nun 78% rexistrando con iso un mínimo histórico de demanda con pouco máis de 22 mil noites hoteleiras na cidade.
- O mercado internacional amosa igualmente unha dinámica negativa pero de maior intensidade pois amosa neste período unha caída do 94% no volume de noites hoteleiras, ficando levemente por encima das dúas mil pernactacións no conxunto dos dous meses –dato que novamente supón un mínimo da serie histórica-. Santiago sofre en maior medida que o resto de destinos urbanos o pésimo comportamento do mercado internacional conseguindo reter tan só o 6% da demanda rexistrada no pasado ano.
- En termos comparativos, e a pesar das fortes caídas rexistradas, o mercado nacional presenta mellor comportamento relativo de aí que mellore a súa representatividade no conxunto da demanda da cidade. Pasa de representar o 74% do total das noites hoteleiras no primeiro bimestre do pasado ano ao 91% actual –a porcentaxe máis alta da serie histórica-.
- Neste contexto negativo rexístrase, igual que na maioría de cidades de Galicia, un forte incremento da estadía media nos hoteis e pensións da cidade. En particular, sobe nun 63% para situarse en 3,1 noites –a segunda cifra máis elevada dos destinos urbanos de Galicia xunto con A Coruña e por debaixo do nivel marcado por Ferrol-. Este notable impulso permite pasar de cifras levemente inferiores ás dúas noites –no trienio 2018-20- a superar as tres noites –dato que supón un máximo na serie histórica-.
- Descende o nivel de demanda nun contexto negativo onde se produce tamén unha caída da oferta dispoñible. Neste sentido o volume de prazas ofertadas cae nun 35% en relación ao pasado ano, con preto de 4.500 prazas de media mensual –en termos absolutos iso supón unha perda próxima ás 2.400 prazas en relación ao primeiro bimestre de 2020-.
- Este descenso é obviamente inferior ao rexistrado do lado da demanda, de aí que se rexistre un empeoramento do nivel de ocupación –pasa do 32,2% no primeiro bimestre do pasado ano ao 9,2% actual-. A perda elévase aos 23 puntos porcentuais e coloca a porcentaxe deste ano en mínimos da serie histórica. É tamén a porcentaxe máis baixa dos destinos urbanos de Galicia.
- As tarifas hoteleiras descenden tamén neste primeiro bimestre de 2021 –un 4,5% en particular- situándose en 50,1 euros de ingreso medio por habitación ocupada.
- A caída do nivel de demanda e ocupación acontece, por tanto, nun contexto de descenso das tarifas hoteleiras. Ambas circunstancias levan a un empeoramento dos niveis de rendibilidade

hoteleira –o RevPAR hoteleiro cae nun 79% para situarse en 4,1 euros de ingreso medio por habitación dispoñible-.

Noites hoteleiras no concello de Santiago. 1º bimestre 2012-21



Noites hoteleiras no concello de Santiago, por mercados. 1º bimestre 2012-21



CONCELLO DE VIGO

Táboa 1: Demanda Turística Hoteleira e Ocupación no concello de Vigo

		1º bimestre 2021
VIAXEIROS	Nº	16.275
	Var. 21/20	-65,3%
PERNOCTACIÓNS	Nº	44.609
	Var. 21/20	-57,7%
ESTADIA MEDIA	Nº	2,74
	Var. 21/20	22,0%
OCUPACIÓN (%)	%	20,00%
	Var. 21/20	-18,87
ADR (€)	€	50,8 €
	Var. 21/20	-7,9%
RevPAR (€)	€	13,4 €
	Var. 21/20	-45,8%

Táboa 2: Demanda Turística Hoteleira, segundo procedencia.


		1º bimestre 2021
VIAXEIROS NACIONAIS	Nº	13.819
	Var. 21/20	-62,5%
VIAXEIROS ESTRANXEIROS	Nº	2.456
	Var. 21/20	-75,6%
PERNOCT. NACIONAIS	Nº	35.388
	Var. 21/20	-58,8%
PERNOCT. ESTRANXEIROS	Nº	9.221
	Var. 21/20	-52,6%

1º BIMESTRE 2021

- Neste primeiro bimestre a cidade de Vigo mantén igualmente a tendencia negativa do último ano como consecuencia dos efectos negativos da pandemia. En particular, rexistra unha caída importante dos niveis de demanda hoteleira, do 65% a cifra de viaxeiros aloxados e do 58% o volume de noites, en relación ao mesmo período do pasado ano.
- Esta notable caída, acontecida nun contexto de inicio e expansión da terceira onda da pandemia, contrasta coa tendencia positiva que se viña observando en Vigo desde o ano 2015, con subas importantes que levaron a acadar un máximo da serie histórica en 2019 con preto de 107 mil noites.

- O descenso deste ano sitúa o nivel final preto das 47 mil noites, dato que supón un mínimo da serie histórica pero que, en termos comparativos, sitúa a Vigo como o destino urbano máis importante de Galicia –co maior volume de demanda-.
- O 79% da demanda corresponde ao turismo de ámbito nacional –que engloba ao interno e ao que procede do resto das comunidades autónomas- mentres que o 21% restante é de orixe internacional. Esta estrutura pon de manifesto o importante peso que ten o segmento nacional en Vigo mais non tan elevado como nas restantes cidades de Galicia.
- Neste inicio de ano obsérvase un comportamento parello dos dous grandes segmentos de mercado, con pequenas diferenzas de intensidade. O turismo de ámbito nacional descende nun 59% rexistrando con iso un mínimo histórico de demanda con máis de 35 mil noites hoteleiras –en termos absolutos a perda supera as 50 mil noites-.
- O mercado internacional amosa igualmente unha dinámica negativa pero de menor intensidade –dato que contrasta co observado nos restantes destinos e no conxunto de Galicia- pois amosa neste período unha caída do 52% no volume de noites hoteleiras, ficando levemente por encima das nove mil pernoctacións no conxunto dos dous meses –dato que tamén supón un mínimo da serie histórica-. Vigo é o destino urbano que rexistra o maior volume de demanda internacional de Galicia, absorbendo case a metade do total das cidades.
- En termos comparativos o mercado nacional presenta peor comportamento relativo de aí que empeore curiosamente a súa representatividade no conxunto da demanda da cidade. Pasa de representar o 82% do total das noites hoteleiras no primeiro bimestre do pasado ano ao 79% actual –a diferenza non é moi acusada pero destaca por ir en sentido contrario ao que se observa no resto de destinos-.
- Na liña do observado para o resto de destinos e para o conxunto de Galicia Vigo rexistra neste período un incremento da estadía media nos hotéis e pensións da cidade. En particular, sobe nun 22% para situarse levemente por encima de 2,7 noites –cifra que se sitúa na media dos destinos urbanos de Galicia-. Este forte impulso coloca o dato deste primeiro bimestre no máis elevado da serie histórica.
- Descende o nivel de demanda nun contexto negativo onde se produce tamén unha caída da oferta dispoñible. Neste sentido o volume de prazas ofertadas cae nun 16% en relación ao pasado ano, con preto de 3.800 prazas de media mensual –en termos absolutos iso supón unha perda de pouco máis de 700 prazas-.
- Este descenso é obviamente inferior ao rexistrado do lado da demanda, de aí que se rexistre un empeoramento do nivel de ocupación –pasa do 38,9% no primeiro bimestre do pasado ano ao 20,0% actual-. A perda achégase aos 19 puntos porcentuais e coloca a porcentaxe deste ano en mínimos da serie histórica. Vigo rexistra a segunda porcentaxe máis elevada dos destinos urbanos de Galicia, por detrás do dato de Ferrol.
- As tarifas hoteleiras descendeen neste primeiro bimestre de 2021 –un 7,9% en particular- situándose en 50,8 euros de ingreso medio por habitación ocupada.
- A caída do nivel de demanda e ocupación acontece, por tanto, nun contexto de leve descenso das tarifas hoteleiras. Ambas circunstancias levan a un empeoramento dos niveis de rendibilidade hoteleira –o RevPAR hoteleiro cae nun 46% para situarse en 13,4 euros de ingreso medio por habitación dispoñible-.

Noites hoteleiras no concello de Vigo. 1º bimestre 2012-21



Noites hoteleiras no concello de Vigo, por mercados. 1º bimestre 2012-21

